1. INNOVASAÚDE

InnovaSaúde é un plan de innovación sanitaria centrado no desenvolvemento de solucións avanzadas para necesidades asistenciais actuais e futuras. Activado a través dun proceso de compra pública innovadora cofinanciado con fondos FEDER, rematou en 2015 co resultado de 14 proxectos.



Retos. Os retos asociados a InnovaSaúde estrutúranse en torno a tres grandes eixos:

1. **Asistencia sanitaria centrada no paciente:** desenvolvemento de novas ferramentas deslocalizadas (teleasistencia, telemonitorización, portais web 2.0 para pacientes, etc.) que axuden a evitar os episodios de agravamento das doenzas crónicas. Deste xeito, redúcese a necesidade de servizos baseados na hospitalización e ao mesmo tempo auméntase a comunicación e a accesibilidade de cara os pacientes.
2. **Atención sanitaria segura e áxil:** desenvolvemento de novas solucións tecnolóxicas para minimizar as posibilidades de erro humano por parte dos profesionais, incrementando así a seguridade do paciente.
3. **Atención sanitaria intelixente:** cambio de estrutura dos servizos asistenciais para mellorar a eficiencia á hora de satisfacer as necesidades dos pacientes, asegurando unha excelente prestación de servizos da máxima calidade.

Proxectos. Os proxectos resultantes dan resposta a estes retos a través de solucións avanzadas axustadas ás necesidades reais do sistema:

- 1. Punto de Atención Diagnóstico-Terapéutico Móbil
- 2. Central de imaxe médica
- 3. Hospital na casa
- 4. Teleasistencia multiespecialidade
- 5. Fogar dixital
- 6. Paciente experto 2.0. E-Saúde
- 7. Sistema intelixente de alertas multinivel
- 8. Central de simulación médica avanzada

9. Sistema de diagnóstico asistido por computador

10. Profesional 3.0

11. Espazo de innovación en servizos asistenciais

12. Sistema integrado de información e xestión de datos clínicos e epidemiolóxicos

13. Transferencia e difusión de resultados

14. Sistema integrado de dixitalización, indexación, custodia e xestión da información clínica